

Explique a crise do vello réxime absolutista e de privilexios estamentais en España partindo da análise do contido dos seguintes documentos e comparando o sistema político establecido polas Cortes gaditanas (decretos abolicionistas e Constitución de 1812) coa restauración da Monarquía Absoluta durante o reinado de Fernando VII. Saliente as consecuencias deses procesos para a sociedade española da época.

**Doc. 1: Declaración de soberanía de las Cortes Generales y Extraordinarias** (Cádiz, 24-10-1810).

“Los diputados que componen este Congreso, y que representan la Nación española, se declaran legítimos en Cortes generales y extraordinarias y que residen en ellas la soberanía nacional. Las Cortes generales y extraordinarias de la Nación española, congregadas en la Real Isla de León con la voluntad general, pronunciada del modo más enérgico y patente, reconocen, proclaman y juran fidelidad al legítimo Rey al Señor D. Fernando VII de Borbón; y declaran nula de ningún valor ni efecto la cesión hecha en favor de Napoleón, no sólo por la violencia que intervino en aquellos actos injustos e ilegales por faltarle el consentimiento de la Nación. No conviniendo queden unidos el Poder legislativo, el ejecutivo y el judicial, declaran las Cortes soberanas, que se reserva el ejercicio del Poder legislativo en toda su extensión (...) El Consejo de Regencia (...) reconocerá la soberanía nacional de las Cortes y jurará obediencia que de ellas emanaren, a cuyo fin pasará, inmediatamente que se lo haga constar este decreto (...) La fórmula del reconocimiento y juramento que ha de hacer el Consejo de Regencia será: ¿Reconocéis la soberanía de la Nación representada por los diputados de estas Cortes generales y obedecer sus decretos, leyes y Constitución que se establezca según los santos fines para observarlos y hacerlos ejecutar?.

¿Conservar la independencia, libertad e integridad de la nación?

¿Defender la religión católica, apostólica, romana [y] el gobierno monárquico del reino?

¿Restablecer en el trono a nuestro amado Fernando VII de Borbón?

¿Y mirar por el bien del Estado?.

Si así lo hicieris Dios os ayude, y si no seréis responsables con arreglo a las leyes”.

**Doc. 2: Decreto de incorporación dos señoríos xurisdiccionais á Nación** (Cádiz, 6-VIII-1811).

“Deseando las Cortes generales y extraordinarias remover los obstáculos que hayan podido oponerse al buen régimen, aumento de población y prosperidad de la Monarquía española, decretan:

1º. Desde ahora quedan incorporados a la Nación todos los señoríos jurisdiccionales de cualquier clase y condición que sean.

2º. Se procederá al nombramiento de todas las Justicias y demás funcionarios públicos por el mismo orden y según se verifica en los pueblos de realengo.

3º. Quedan abolidos los dictados de vasallo y vasallaje, y las prestaciones así reales como personales, que deban su origen a título jurisdiccional a excepción de los que proceden de contrato libre en uso del sagrado derecho de la propiedad.

(...) 5º. Los señoríos territoriales y solariegos quedan desde ahora en la clase de los demás derechos de propiedad particular, sino son de aquellos que, por su naturaleza, deban incorporarse a la Nación o de los en que no se hayan cumplido las condiciones con que se concedieron.

(...) 7º. Quedan abolidos los privilegios llamados exclusivos, privativos y prohibitivos que tengan el mismo origen de señorío, como son los de caza, pesca, hornos, molinos, aprovechamientos de aguas, montes y demás, quedando al libre uso de los pueblos.

(...) 14º. En adelante nadie podrá llamarse Señor de vasallos, ejercer jurisdicción, nombrar jueces, ni usar de los privilegios y derechos comprendidos en este decreto.

**Doc. 3: Artigos da Constitución de 1812:**

“Art. 1. A nación española é a reunión de todos os españois de ámbolos dous hemisferios.

Art. 3. A soberanía reside esencialmente na nación e polo mesmo pertence a esta exclusivamente o dereito de establecer as súas leis fundamentais.

Art. 14. O goberno da nación española é a monarquía moderada hereditaria.

Art. 15. A potestade de facer leis reside nas Cortes co rei.

Art. 16. A potestade de facer executar as leis reside no rei.

Art. 17. A potestade de aplicar as leis en causas civís e criminais reside nos tribunais”.

**Doc. 4: Decreto de anulación da Constitución de 1812 e a obra legislativa das Cortes de Cádiz (1814).**

As Cortes, no mesmo día da súa instalación, despoxáronme da soberanía (...) Atribuíndoa nominalmente á nación para apropiála para si eles mesmos e dar a esta, despois sobre tal usurpación, as leis que quixeron; e o que era obra dunha facción, revestíano de vontade xeral. Declaro que o meu real ánimo é non só non xurar a dita Constitución nin ningún decreto, senón o declarar aquela Constitución e tales decretos nulos.

**Doc. 5: Fernando VII acepta a Constitución de Cádiz o 10 de marzo de 1820.**

Mientras eu meditaba maduramente [...] Fixésteime comprender a vosa arela de que se restablecese aquela Constitución que entre o estrondo das armas hostís foi promulgada en Cádiz no ano 1812. Xurei esa Constitución pola que deveciades, e sempre serei o seu máis firme apoio [...] Marchamos francamente, e eu o primeiro, pola senda constitucional.

**Doc. 6: Informe remitido ao ministro da Guerra desde Cádiz (Gaceta de Madrid, 21-III-1820).**

“Excmo. Sr. todo o día de hoxe ocupeime en tranquilizar os ánimos exaltados da tropa e parte da oficialidade, que dubidan moito da certeza dos Reais decretos de 6 e 7 do actual (...) relativos á reunión de Cortes o primeiro, e decidirse a xurar o Rei o noso Señor a Constitución política da Monarquía no segundo, recibindo esta tarde outros tres, e entre eles un polo que a Súa Maxestade concede amnistía xeral por razón de opinión (...) A gornición da praza de Cádiz queda decatada das disposicións da súa Maxestade, manifestadas nos citados Reais decretos, (...) e parece estar resolta a obedecelas con toda a submisión que merecen (...) Aínda non escribín a Quiroga nin a Riego o contido dos decretos citados (...) e do resultado darei conta a V.Ex. para o seu goberno e coñecemento da súa Maxestade”.